

«Tenh'eu que mi fez el i mui gran ben»

ESTUDOS SOBRE CULTURA ESCRITA MEDIEVAL
DEDICADOS A HARVEY L. SHARRER

Ricardo Pichel (ed.)



«Tenheu que mi fez el i mui gran ben»
Estudos sobre cultura escrita medieval
dedicados a Harvey L. Sharrer

Ricardo Pichel
(ed.)



S
Silex

A publicación deste volume recibiu o apoio económico do proxecto “HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación y memoria” (CM/2018-T1/HUM-10230; UAH, 2019-2024), da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) e do Instituto de Estudos Medievais da Universidade Nova de Lisboa (Proxecto Estratégico FCT UIDB/00749/2020).



© RICARDO PICHEL (ED.), 2022

© RESTO DE AUTORES, 2022

EDITOR: RAMIRO DOMÍNGUEZ HERNANZ

MAQUETADOR: RICARDO PICHEL

© Imagen de cubierta: *Pergaminho Sharrer*.

Cartório Notarial de Lisboa, 7-A, caixa 1, maço 1, livro 3 (verso)

C/ San Gregorio, 8, 2, 2ª, 28004, Madrid

España

www.silexediciones.com

ISBN: 978-84-19077-35-6

Depósito Legal: M-28556-2022

Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra solo puede ser realizada con la autorización de sus titulares, salvo excepción prevista por la ley. Diríjase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos) si necesita fotocopiar o escanear algún fragmento de esta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 372 04 97)



Harvey L. Sharrer na Misión de Santa Bárbara, California (outubro de 2022)
(foto cortesía de Carmen Mejía Ruiz)

ÍNDICE

LIMIAR

- Harvey L. Sharrer e a memoria do patrimonio escrito medieval* 13
Noticia bibliográfica 21

ADRO

- BITAGAP (Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses):
um armazém da memória histórica*
Harvey L. SHARRER 39

ESTUDOS

- BITECA (Bibliografía de Textos Catalans Antics): passat i futur*
Gemma AVENOZA & Lourdes SORIANO 71
- O léxico afectivo nas Cantigas Santa María: preservación da memoria e
construción da identidade galaico-portuguesa*
María Jesús BOTANA VILAR 87
- Transcrición paleográfica da lírica galego-portuguesa: texto primario
e recursos auxiliares*
Mercedes BREA & Carmen de SANTIAGO GÓMEZ 103
- Livros de Direito na Idade Média Portuguesa: a biblioteca do Doutor
Luís Martins (1451)*
José DOMINGUES & Pedro PINTO 123
- Sobre un trobador “menor”: Nuno Treenz*
Leticia EIRÍN 151
- PhiloBiblon and the wiki world: sustainable technology*
Charles B. FAULHABER 183
- En torno da segmentación do adverbio pronominal «i» nas cantigas*
Manuel FERREIRO 201
- Nin santas, nin pecadoras; ou todo e máis. Da condición feminina ás
voces e actuacións das mulleres na documentación medieval galega*
Miguel GARCÍA-FERNÁNDEZ 225

<i>A corte literaria do conde de Barcelos: o ciclo dos privados</i>	
Raquel JABARES FERNÁNDEZ	285
<i>Crónicas universais a sul do Minho: a Historia Scholastica como alternativa à General Estoria?</i>	
Mariana LEITE	311
<i>O português e o galego no discurso lingüístico de Bernardo de Aldrete (1560-1641)</i>	
Ramón MARIÑO PAZ	327
<i>El Libro del infante don Pedro de Portugal. Ediciones españolas y portuguesas: problemas de transmisión y nuevas aportaciones</i>	
Carmen MEJÍA RUIZ & MaríaVictoria NAVAS SÁNCHEZ-ÉLEZ	357
<i>O «estrato tardío» da compilación trobadoresca. Subsídios para a súa delimitación e caracterización scriptolingüística</i>	
Henrique MONTEAGUDO	373
<i>Novos dados sobre a transmissão textual do Livro do Deão e do Livro do Conde D. Pedro: as linhagens dos Bragançons e dos Lanhoso</i>	
Filipe Alves MOREIRA	395
<i>El albañil herido, entre Alfonso X y Goya: estrategias para levantar en el vacío de la (pre)modernidad</i>	
José Manuel PEDROSA	417
<i>Sobre la tensó entre Afonso Sanchez y Vasco Martins de Resende y unas trovas escarninas contra don Cristóbal de Moura</i>	
Gimena del RIO RIANDE	467
<i>Quix e querrei e quero e direivos ùa ren: a sintaxe oracional no Pergamiño Sharrer</i>	
Alexandre RODRÍGUEZ GUERRA	479
<i>A mula voadora, o morto-vivo e os fantasmas entram num bar. Questões em torno de episódios naturais com seres sobrenaturais em textos quinhentistas portugueses</i>	
Maria de Lurdes ROSA	511
<i>Vida (e Milagres) de Santa Senhorinha de Basto. A late 16th/early 17th century copy (of Fr. Vasco Martins' 1403 text ?), in portuguese</i>	
Martha E. SCHAFFER	527
<i>A familia de Afonso X nas Cantigas de Santa Maria</i>	
Joseph T. SNOW	551

<i>Entre a corte e o mosteiro: traduzir a santidade nos séculos XIII-XIV</i> Cristina SOBRAL	567
Aparecerá porla presente escriptura até o tempo en que somos. <i>Ainda sobre a Crónica de Santa Maria de Íria</i> José António SOUTO CABO	591
COLOFÓN	
<i>Novos textos para o estudo da literatura medieval galego-portuguesa</i>	
Ricardo PICHEL & Miguel GARCÍA-FERNÁNDEZ & Xavier VARELA BARREIRO (coords.)	
<i>A recepción galego-portuguesa da Sexta Partida: dous novos fragmentos</i> Mariña ARBOR ALDEA & Miguel GARCÍA-FERNÁNDEZ & Ricardo PICHEL	647
<i>Unha nova ollada ao testemuño galego do Livro das Confissões</i> Arthur L.-F. ASKINS & Miguel GARCÍA-FERNÁNDEZ & Ricardo PICHEL	667
<i>A tradución galego-portuguesa da Crónica de Castela: o novo testemuño luxemburgués</i> José Carlos Ribeiro MIRANDA & Ricardo PICHEL	689
<i>Rezos romanceados en documentación de las dominicas de Lugo en el tránsito de la Edad Media a la Modernidad. Noticia del hallazgo y notas preliminares</i> Pablo S. OTERO PIÑEYRO MASEDA	707
Aqui se começan as rubricas deste liuro. <i>Dous testemuños galegos inéditos da Quinta Partida</i> Ricardo PICHEL & Harvey L. SHARRER	713
TABULA GRATULATORIA	751

A RECEPCIÓN GALEGO-PORTUGUESA DA *SEXTA PARTIDA*:
DOUS NOVOS FRAGMENTOS INÉDITOS¹

Mariña Arbor Aldea²
Miguel García-Fernández³
Ricardo Pichel⁴

I. A *SEXTA PARTIDA* E A SÚA DIFUSIÓN NO OCCIDENTE PENINSULAR

No marco da intensa actividade xurídica e cultural que se desenvolveu no seo da corte castelá en tempos de Afonso X, a redacción das *Sete Partidas* constitúe un fito fundamental que cómpre situar en pleno contexto de recepción do dereito común⁵. De feito, as mudanzas xurídicas que operaron neste sentido no conxunto do Occidente medieval durante o século XIII, e que se consolidaron nos tempos posteriores, explican, en boa medida, o éxito e a difusión

¹ A realización deste traballo enmárcase nos proxectos de investigación “HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación y memoria” (CM, 2018-T1/HUM-10230) da Universidade de Alcalá (2019-2023), “Patrimonio textual na Galicia medieval: prosa documental e literaria” do Instituto da Lingua Galega (Ref. 2021-CP037), “Edición crítica digital de las *Siete Partidas*: Análisis estilométrico de la *Primera y Cuarta Partida*” (AEI-MCI PID2020-112621GB-I00) da Universidade de Valladolid (2020-2023) e “Tras la pista de la literatura perdida: fragmentos de obras medievales procedentes de archivos eclesiásticos y de la Inquisición” (AEI-MCI PID-2020-113752GB-I00) da Universitat de Barcelona (2021-2024), e en colaboración con PhiloBiblon e a “Red del Libro Medieval Hispánico” (RED2018-102330-T).

² <https://orcid.org/0000-0003-4226-7080>. Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Galega. Contacto: marina.arbor@usc.gal.

³ <https://orcid.org/0000-0002-6257-4654>. Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia) / Universidade de Santiago de Compostela. Contacto: miguelgarciafernandez88@gmail.com.

⁴ <https://orcid.org/0000-0001-9933-0293>. Universidad de Alcalá / Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega. Contacto: ricardo.pichel@uah.es.

⁵ Véxase en Fradejas Rueda, Jerez Cabrero e Pichel (2021) un panorama histórico e filolóxico actualizado dos estudos sobre as *Sete Partidas*, onde se pode consultar a principal bibliografía ao respecto.

das *Partidas* non só no seo dos diferentes territorios da Coroa de Castela, senón tamén doutras monarquías peninsulares. Ambas traxectorias de difusión implicaron relacionar unha obra redactada en lingua castelá con contextos culturais nos que a escrita documental se producía de forma maioritaria noutras linguas, como sucedía no Reino de Galiza ou no Reino de Portugal. A intensa difusión das *Partidas* consolidaríase con posterioridade ao reinado de Afonso X, especialmente a partir de mediados do século XIV, tal como evidencian o cento de manuscritos casteláns conservados (BETA texid 1029; cf. Fradejas Rueda 2021), aos que cómpre sumar o máis de medio centenar de testemuños galego-portugueses e cataláns que demostran a fluída circulación, lectura e tradución do código afonsino tanto na Coroa de Aragón (Avenzoa 2021) como, especialmente, nos territorios occidentais desde finais do século XIII até ben avanzado o século XV. Máis dun terzo do total de manuscritos iberorrománicos coñecidos das *Partidas* –arredor de 160– son traducións galego-portuguesas (BITAGAP texid 14545), que conservamos na súa inmensa maioría de forma fragmentaria –salvo no caso dos dous códices da *Primeira* e da *Terceira Partida*– e producidos no reino portugués. Polo que respecta ao ámbito galego, hoxe en día tan só temos noticia dunha ínfima parte –unha ducia de fragmentos– da tradición manuscrita que, con certeza, circularía na Galiza baixomedieval (especialmente ao longo do Trescentos)⁶.

Dentro da magna compilación xurídica afonsina, a *Sexta Partida* céntrase no dereito de sucesións, é dicir, regula a transmisión das herdanzas, tanto no caso da sucesión testada como *ab intestato*. Trátase, pois, dunha cuestión que afectaba ao conxunto da sociedade medieval e, polo tanto, compréndese a especial relevancia xurídica que adquiriu esta parte da obra afonsí ao longo da Baixa Idade Media, especialmente nun contexto social e económico de cambio no que, en non poucas ocasións, xurdiron importantes disputas e preitos relacionados coa distribución das herdanzas familiares. Entre os seus dezanove títulos adquiren gran relevancia os encargados

⁶ Véxase unha revisión actualizada sobre a produción galego-portuguesa asociada ás *Sete Partidas* en Domingues 2021 e Pichel 2021.

de establecer unha regulamentación da práctica testamentaria, que nos últimos séculos medievais experimentou ademais un intenso proceso de consolidación e difusión social nos territorios ibéricos occidentais (García-Gallo 1977; Martín Cea 2003-04; García-Fernández 2021: 226-234). Ademais de establecer os tipos, modos e características dos documentos de últimas vontades, e as distintas persoas (e/ou institucións) involucrados neles –desde os outorgantes aos herdeiros, pasando polos receptores de mandas testamentarias concretas ou os albaceas–, tamén se regulan os procesos de desherdamento e anulación testamentaria, diversas situacións susceptibles de xerar importantes conflitos e, finalmente, a problemática da sucesión e a titoría de orfos e menores de idade, aspecto que adquire gran relevancia no seo dunha sociedade como a medieval, na cal estas situacións non eran excepcionais ante a alta mortalidade de homes e mulleres con descendencia de curta idade.

A pesar da relevancia xurídica de todos estes aspectos, a recepción occidental da *Sexta Partida*, da que se conservan quince testemuños en castelán (BETA texid 1029; Fradejas Rueda 2021), é moi exígua e só se verifica, como veremos, a través de tres pequenos fragmentos no caso de Portugal⁷ (BITAGAP texid 9826; Domingues 2021: 110) e de dous máis –un deles en paradeiro descoñecido⁸– en Galiza. Neste sentido, a conservación no Arquivo Distrital de Braga de varios testemuños en castelán do código afonsino –entre eles

⁷ Domingues (2021: 111 e 113) tamén rexistra a influencia da *Sexta Partida* no Libro IV das *Ordenações* de Afonso V (BITAGAP texid 7355; cf. Domingues 2014).

⁸ Cando menos até a década dos oitenta do século XX tíñase noticia doutro testemuño da *Sexta Partida* por García y García (1986: 393), quen remite a un traballo inédito de José Luis Pensado (1986) sobre un fragmento de mediados do século XIV vinculado, ao parecer, ao Arquivo Histórico Provincial de Ourense, e cuxa transcripción fa ser incorporada ao terceiro volume –que nunca chegou a ser publicado– d'*A vida e fala dos devanceiros*. Ese fragmento debía corresponderse cunha das “dos hojas de las *Siete Partidas*, en gallego, de Alfonso X el Sabio (s. XIV)” inventariadas por Gallego Domínguez (1977: 109) na súa *Guía* do Arquivo da Catedral de Ourense. Sexa como for, hoxe ese fragmento está perdido ou non se puido localizar (BITAGAP manid 1476), aínda que si sabemos, por Pensado, que contiña algunhas leis dos títulos 14.3-4 e 7, 15.1-2, 16.26, 17.1-4 e 18.0 da *Sexta Partida*, nas cales se describe o proceso de entrega das herdanzas, a cuestión das partillas e algúns aspectos relativos aos orfos e os seus gardadores.

un fragmento da *Sexta Partida* (ADB, Fragmentos, Pasta 5, n. 237⁹; BETA manid 5498)– certifica a circulación do texto por terras occidentais polo menos desde o século XIV.

2. O FRAGMENTO GALEGO DO ARQUIVO DA CATEDRAL DE OURENSE

O testemuño galego aquí transcrito, conservado no Arquivo da Catedral de Ourense (ACOU, Códices, Fragmentos, 41; figs. 2 e 3), permanecía aínda inédito a día de hoxe, a pesar de que a súa existencia era coñecida desde comezos da década dos 60 do século pasado: aparece xa no catálogo de códices da catedral ourensá realizado por Duro Peña (1961: 209, n.º 41) e con posterioridade foi referido nalgúns traballos de García y García (1986: 693, n. 83), Avenozza (1995: 49) e Askins *et al.* (2002: 75), para alén de ser catalogado en PhiloBiblon (BITAGAP manid 2046) aos inicios dos 90¹⁰.

Trátase dun fragmento preservado nun único folio (300 x 220 mm) datábel no terceiro cuartel do século XIV (*ca.* 1350-75), que transmite algunhas leis dos títulos sétimo e oitavo (7.12-17 e 8.0)¹¹.

⁹ *Olim* Mosteiros, Rendufe Livro n. 102. Coñecido coa sigla BA4 e datado no terceiro cuartel do século XV, transmite as leis 6.4.14-16 e 6.5.1-5. O fragmento empregárase para encadernar un libro procedente do mosteiro bieito de Santo André de Rendufe (Amares) e, de acordo con Ferreira (1993: 378, 402), parece que este e o fragmento BA3 (BETA 5497), un testemuño castelán da *Quinta Partida*, pertencían ao mesmo manuscrito. Sobre o fondo de fragmentos casteláns das *Partidas* depositados no Arquivo Distrital de Braga, véxase agora Prádanos Fernández 2022: I, 181-182; para o fragmento BA4, véxase *Ibid.*: II, 690-694.

¹⁰ Véxase Pichel *et al.* 2020: 181-184 e Pichel 2021: 126 para unha aproximación actualizada ao testemuño galego da *Sexta Partida*.

¹¹ O estado de conservación do pergamiño é regular dada a perda puntual de soporte (esquina superior esquerda do f. 1v) e o deterioro polo esvaecemento da tinta especialmente na metade superior da primeira columna do f. 1r, o que fai complicada a lectura nesa parte do texto. O pergamiño está escrito a dúas columnas de 47 liñas nunha gótica cursiva (semi)caligráfica característica de mediados ou da segunda metade do século XIV. Presenta iniciais capitulares alternantes en azul e vermello (2 unidades de pautado), para alén de rúbricas e resaltes (en maiúsculas internas) en tinta vermella. Na marxe superior da folla, á altura do intercolumnio, aparece en vermello a forma abreviada “T^o” (1r) e o numeral “viiij” (1v), por tanto, en referencia ao oitavo título, o cal demostra, máis alá da impaxinación e dos elementos decorativos e estruturais do manuscrito, que non se trata da escolma dunha sección illada do texto (como si acontece con outros testemuños das *Partidas*; *cf.* por exemplo BITAGAP manid 1451), senón probablemente unha copia íntegra da *Sexta Partida*. Na marxe

En liñas xerais, o título VII regula os desherdamentos, é dicir, como e por que motivos un testador podía desherdar a quen tiña dereitos sucesorios sobre os seus bens, e tamén as razóns polas cales os herdeiros podían perder os seus dereitos aínda que non fosen expresamente desherdados. Máis concretamente, as leis conservadas no fragmento galego recollen os motivos polos que se podía desherdar os irmáns (lei 12), as razóns polas que os herdeiros podían chegar a perder as herdanzas que lles corresponderían *a priori* (lei 13), a recompensa para os que recoñecían que non debían herdar algo antes de que os acusasen de herdar o que non lles correspondía (lei 14), as implicacións hereditarias para quen renunciaba a vingar a morte do testador do que recibía bens en herdanza (lei 15), ou o papel dos monarcas e os seus mordomos á hora de recadar as herdanzas que non eran merecidas polos herdeiros, así como os límites a esta práctica e á intervención da autoridade real sobre as herdanzas (leis 16 e 17). No caso do título VIII, do que só conservamos unhas liñas iniciais do proemio, este céntrase en como os desherdados nun testamento podían reivindicar os seus dereitos sobre a herdanza e “quebrantar” o establecido no documento de últimas vontades que os desherdase “a torto”.

3. O TESTEMUÑO PORTUGUÉS DO MUSEO NACIONAL DE ARQUEOLOGIA

As catro pequenas tiras portuguesas –tres con texto e unha en branco¹²– que se editan nestas páxinas, conservadas no Museo Nacional de Arqueología, en Belém (Lisboa) (LA/29 E - 3355; BITAGAP manid 3555; Fig. 1), serviron de reforzo na encadernación da edición

inferior de 1r aparece repetida en dúas liñas, con letra moderna (dúas mans diferentes), a secuencia “Don phelipe por la gracia de dios”. Nas marxes superior e inferior de 1v hai algunhas anotacións modernas, parcialmente lexibéis (“[...] Los que fue | Los que [...]”; “En la çiudad de merida [...]”) e outras *probationes calami*.

¹² Dimensións (ancho) dos reforzos: 32 mm (tira en branco), 42 mm (tira 1A), 37 mm (tira 1B), 24 mm (tira 1C); empregamos a nomenclatura de Domingues 2021: 110. O texto está escrito a dúas columnas, aínda que non é posíbel precisar o número de liñas aproximadas de cada unha delas. Canto á decoración, pódese ver parte dunha inicial capitular en tinta vermella, e a mesma cor emprégase tamén para as rúbricas e os caldeiróns.

de 1547 (por Gaillot de Pre, en París) do *Tractatus non minus utilis quam necessarius (his maxime qui stilum et praxim Curiae Romanae cupiunt percipere) de literis gratiae* de Johannes Staphilaeus e foron descubertas en 1999 por Harvey L. Sharrer (Askins 2002: 74; Sharrer 2014: 181). Polo tipo de gótica cursiva (semi)caligráfica empregada, a copia podería datarse probabelmente a mediados do século XIV (ca. 1340-60).

A pesar da súa fragmentación e aínda que de momento non será posíbel proceder a desencadernar e a restaurar as tiras, a transcripción das zonas lexíbeis permite identificar o seu contido con varias leis do primeiro título da *Sexta Partida*. Máis especificamente trataríase das leis 8-9, 11-12 e 13-15. Estamos, pois, ante varias leis do título dedicado a definir os testamentos e a regular diferentes aspectos vinculados coa práctica testamentaria. Entre eles, na lei 8 establécese a revogabilidade dos testamentos, é dicir, a posibilidade de anular un testamento mediante a redacción doutro coas formalidades e garantías correspondentes. Na lei 9 determínase que persoas ou colectivos non poden ser testemuñas nos testamentos, entre eles os condenados por dicir “maas cantigas ou ditados”, é dicir, por difamación. Aínda que a análise da práctica xurídica permite matizar a exclusión radical de todos os grupos sinalados nesta lei, como as mulleres, o certo é que esta disposición marcará en boa medida as listaxes de testemuñas que aparecen na parte finais dos documentos



Fig. 1. © Museu Nacional de Arqueologia, ms. LA/29 E - 3355
(vista frontal dos fragmentos 1A, 1B e 1C)

de últimas vontades. É interesante comprobar que a seguinte lei, a 10, que non conservamos neste fragmento, é a que regula se pode ser testemuña ou non nun testamento quen teña natureza de varón e de muller, a quen o lexislador chama “hermafroditus”. A lei 11 segue profundando na limitación das testemuñas ao apartar os beneficiarios no propio testamento ou posíbeis interesados en entrar no reparto da herdanza como os parentes até cuarto grao. A lei 12, apenas conservada, céntrase na materialidade dos testamentos, é dicir, nos distintos soportes –pergamiño de coiro, papel, táboas etc– nos cales podían estar escritos estes documentos. As seguintes tres leis regulan a figura dos testadores, é dicir, quen podía ou non outorgar testamento (lei 13), centrándose en como os cegos podían outorgar as súas últimas vontades (lei 14) e tamén en como os condenados a morte ou desterrados non sempre podían testar (lei 15).

4. TRANSCRICIÓN DOS FRAGMENTOS DA SEXTA PARTIDA

Ofrecemos a continuación unha transcripción (semi)paleográfica do fragmento galego e das catro tiras pergamiñáceas portuguesas¹³, na cal só intervimos no desenvolvemento das abreviaturas, respectando, por tanto, os usos gráficos, a puntuación, a capitalización e a unión e separación orixinais do manuscrito¹⁴. As secuencias parcial ou integramente ilexíbeis, mais conxecturábeis con base na correspondencia entre o espazo do enunciado deteriorado e a tradición castelá coñecida, así como no *usus scribendi*, sinálanse entre parénteses rectas. Cando a secuencia deturpada é máis extensa, introducimos

¹³ Queremos agradecer a atención que nos brindaron Miguel Ángel González García e María Belén Pumar Diéguez, na altura arquivista e auxiliar, respectivamente, da Catedral de Ourense, e por Livia Cristina Coito, bibliotecaria do Museo Nacional de Arqueología (Belém, Lisboa), e as facilidades que nos proporcionaron para a consulta dos manuscritos. A transcripción e edición dixital dos fragmentos é accesíbel no portal EGPA (<<https://corpora.uah.es/egpa/7PDgap>>), no marco do proxecto colaborativo 7PDgp (*Edición dixital das Sete Partidas na Galiza e Portugal*).

¹⁴ No caso do testemuño portugués non indicamos o cambio de liña, dada a especial complexidade de referenciar a continuidade do texto a través das tres tiras 1A, 1B e 1C (cf. BITAGAP manid 3555).

a marca [...] (soporte deteriorado) ou [--] (soporte perdido), apuntando en nota a correspondencia coa versión castelá¹⁵.

4.1. A CORUÑA, ARG, CÓDICICES, FRAGMENTOS, 41

||^{1ra} stabelecemento¹⁶ de tal herdeyro. Ante dizemos *queo* yr¹²mão pode *quebrantar* otestamento. *e auer* aherdade de ¹³ seu yrmão. *prouando* esto ante o Juyz assy como ¹⁴ deue. *Pero* tres razóns som por *que* sse *nom quebranta*¹⁵ria o testamento en *queo* yrmão ouuesse stabelle¹⁶çudo por seu herree *pero* fosse enfamado. ou de ¹⁷ maa uida. *Aprimeyra* he seo testador ouuesse ¹⁸ enxerdado aaque^l seu yrmão por *razom* *que* sse ou¹⁹uesse traballado de sua morte en algũa ¹⁰ maneyra. A segunda he se en alguñ tempo o ¹¹ ouuesse acusado criminalmente amorte ou a ¹² *perdimento* [de membro] A terçeyra he selle ouuesse ¹³ *feyto*¹⁷ *perder* a moor *parte* de seus bẽes. *e aynda* *que*¹⁴ os *nom* *perdesse* [se *nom* ficou por] el deos *perder*. ¹⁵ Ca [por *qual* *quer* destas razóns sobre *díctas*] *que* for au[er]¹⁶ *guadas*¹⁸ pode [hũu yrmãoo exerdar] ao outro ¹⁷ *pero* *que* [stabelleçesse ome] em mal en fama¹⁸ do *e* [aynda dizemos *que* se] poder seer *prouado*¹⁹ *queo* yrmão [errou contra o] outro en algũa das ²⁰ tres maneyras [*que* se o yrmão a] *quem* he *feyto*¹⁹ o erro. ²¹ morresse sem testamento *nom* poderia o outro. ²² *que* auia [errado contra el *demandar*] *nem* herdar ²³ *nem* hũa [cousa] dos bẽes [del por]

¹⁵ Baseámonos no texto fixado por Gregorio López en 1555, a partir da transcripción accesíbel no proxecto *7PartidasDigital* (<<https://7partidas.hypotheses.org/>>) preparada por Acebes Veganzones (2020a, 2020b e 2020c). Porén, tamén consultamos algúns dos testemuños manuscritos casteláns ao noso dispor (en especial, MN9, Y17, Y20 e T19; cf. BETA manid 2313, 1152, 1153 e 1154, respectivamente). En todo caso, reservámonos para outra ocasión o confronto exhaustivo dos fragmentos galego-portugueses coa tradición textual castelá, o que nos permitirá ofrecer unha presentación crítica anotada do texto e unha análise da difusión e impacto (in)directo da *Sexta Partida* en Galiza e Portugal e dos seus posibles itinerarios de circulación. Neste último caso interesa, particularmente, a historia externa do mencionado fragmento bracarense BA4 (BETA manid 5498).

¹⁶ “Las razones porque pueden ser deseredados los parientes que descenden, e que suben por la línea derecha mostramos fasta aqui. E agora queremos mostrar, en que manera pueden ser deseredados, los que estan en la línea de trauieso, assi como los hermanos. E dezimos, que el vn hermano puede deseredar al otro con razon, e sin razon. E avnque non fiziesse mencion del, en el testamento, puede dexar lo suyo a quien quisiere, quando non ouiere hijos: nin otros que descendiessen del, de la línea derecha: nin padre nin auuelos, fueras ende si establesciesse por su heredero a tal ome, que fuesse de mala vida, o enfamado. Ca estonce non valdría el establescimien-to de tal heredero...” (Acebes Veganzones 2020b: § 6.7.12).

¹⁷ Escrito *fco* con trazo supralineal.

¹⁸ O escriba esqueceu incluír o símbolo abreviativo.

¹⁹ Escrito *fco* con trazo supralineal.

razom [do]²⁰ parente¹²⁴sco

Lee .xiii. por que razom deuem perder os her¹²⁵deyros a hereenca que deuiam herdar ¹²⁶

Seys razóns prinçipaes mostrarom os sabios ¹²⁷ antigos que por cada huã dellas deue per¹²⁸der o heree a hereenca do finado. Aprimeyra he ¹²⁹ quando[o] o señor dos bñes foy morto por obra ou ¹³⁰ por co[n]sello dalguñs de sua conpana. Seo ¹³¹ heree sabendo esto entrando a herdade ante que feze¹³²se querella ao Juyz da morte daque cuios bñes quer ¹³³ herdar. Mays seo testador ouuesse morto ou ¹³⁴ tros strayos que nom fossem de sua conpana. ¹³⁵ bem podra seu heree entrar a hereença. e depoys ¹³⁶ fazer querella da morte del ata çinco anos. Et se ¹³⁷ [ata] este tempo nom a fizesse. deuea perder. et de¹³⁸[uella] tomar el Rey assy como a ome quea nom me¹³⁹[rece] A segunda rrazom he quando o heree abre ¹⁴⁰ o testamento daquel queo stabelleço ante que fizesse a ¹⁴¹ acusaçom dos matadores del sendo sabedor ¹⁴² delles queo auyam morto. Pero se nom soubesse ou ¹⁴³ fosse aldeão neyçio. Entom nom perde a hereenca ¹⁴⁴ por esta razom. Aterç[eyr]a cousa he se fosse sabu¹⁴⁵do enuerdade queo testador fosse morto por obra. ou ¹⁴⁶ por consello. ou por culpa do herdeyro. Aquarta he quan¹⁴⁷doo heree iouuesse conna moller de aquel queo stabelle¹⁴⁸çu. Aquinta he seo heree acusasse otestamento ou [a] ¹⁴⁹ scriptura en que el fosse stabelleçudo dizendo [que] ¹⁵⁰ em falssa segujndo esta acusaçom ata que desse[m] ¹⁵¹ Juyzo sobre ella. Ca se fosse achado otestament[o] ¹⁵² por uerdadeyro. perderia por ende a hereença. Et ¹⁵³ esso meesmo seria seo heree fosse perssoeyro ¹⁵⁴ ou auogado para seguyr tal acusaçom como esta ¹⁵⁵ contra o testamento en que fosse stabelleçudo. Sal¹⁵⁶uo ende seo fizesse por prol. ou por mandado ¹⁵⁷ del Rey. ou se fosse gardador de alguñ orfóo ¹⁵⁸ e razónasse contra otestamento por prol del. Ca en¹⁵⁹tom nomlle enpeçeria. A sexta razom he quando o ¹⁶⁰ testador rogasse o heree enpuridade que leyxasse ¹⁶¹ aquella herdade em¹⁶² que stabelleçesse algũu seu fillo. ou ¹⁶³ outro que non podia herdar. por quelle era defendu¹⁶⁴do pella lee. Ca seo heree comprisse tal rrogo ou ¹⁶⁵ mandamento do testador e a entergasse a outro. ¹⁶⁶ perderia por ende odereyto que auya enna hereença ¹⁶⁷ Et por qual quer destas seys razóns sobre dictas que ¹⁶⁸ perde o herdeyro a hereença. e deuea auer el Rey. Et ¹⁶⁹ por estas razóns meesmas queo herdeyro deue perder ¹⁷⁰ a hereença. por essas meesmas perderiam as mandas ¹⁷¹ aquelles aquem fossem feytas

Lee .xiiiij^a. que galar¹⁷²dom deue auer aquel que nom pode seer por dereyto ¹⁷³ stabelleçudo por herdeyro. nem receber manda. se ¹⁷⁴ alguñ o faz seu her-

²⁰ Falta esta palabra no manuscrito.

²¹ Inicialmente o copista escribiu un tironiano e despois converteuno en <e>.

deyro ou lle manda algo enno¹²⁷ testamento e el meesmo odescobre²² ¹²⁸

Se alguñ daquelles *que* de fendem²³ das lees de²⁹ste nosso liuro. *que* elles *nom* possam fazer man³⁰das. *nom* stabelleçer por herees. acaesçeria *quea* fa³¹riam encubertamente segundo dissemus *enna* ¹³² lee ante desta. Se este atal for aa corte del Rey ¹³³ e disser assy. tal manda *que* fezo fuão ome ¹³⁴ segundo quanto fazem entender et nonna posso. ¹³⁵ *auer* segundo dereyto. fazedella segundo te³⁶uerdes por bem. Et por esta bondade *que* fezo em ¹³⁷ descubr[e]r ho *quelle* era mandado en poridade et ¹³⁸ *queo nom* quiso receber contra defendemento ¹³⁹ de de reyto. Dizemos *que* deue *auer* ameal⁴⁰tade ao meos do *que* foy mandado da here⁴¹ença en *que* foy stabelleçudo por heree enno tes⁴²tamentum doutr

Lee .xv^a. por *que* razões sepode scu⁴³sar o herdeyro *que nom* perca a herença pero non seia ¹⁴⁴ uengada amorte do te stador a *quen* herdamos ¹⁴⁵

Uengança dizemus *que* he teudo de deman⁴⁶dar o heree da morte do testador. Et se *nom* ¹⁴⁷ ho fezer assy. perde por ende a herdade *que* deue ¹⁴⁸ *auer* del. Pero cousas y ha en *quea nom* perderia por ¹⁴⁹ [r]azom. Et esto seria como seo heree querellasse ¹⁵⁰ [a] morte ao Juyz. ou ao senhor da terra. e *nom* quisesse ¹⁵¹ [le]uar *aquerella* adeante. Et esto meesmo seria ¹⁵² [s]e acusassem aaquelles *que* sospetasssem *queo* auyam ¹⁵³ morto e dessem a sentença contra o heree. asoluen¹⁵⁴do os acusados e quitandoos da acusacom *que* ¹⁵⁵ auya feyta²⁴ delles. Ca pero *nom* sse alçasse de tal Juy¹⁵⁶zo. *nom* perderia por ende a herdade. Outrossy tal ¹⁵⁷ seria seo heree fosse meor de .xxv. anos. ou se ¹⁵⁸ aquelles *que* ouuessem morto ao testador *nom* pode¹⁵⁹sem seer achados por fazer Justiça delles. ¹⁶⁰ Ca por qual *quer* destas razões sobredictas enesta ¹⁶¹ léé *que nom* fosse tomada uengança de morte ¹⁶² do testador. Non perderia por ende o heree a herda¹⁶³de. por *que* sse entende *que nom* ficou por el.

Léé ¹⁶⁴ .xvi^a. como quando el Rey ou seu moordomo recada ¹⁶⁵ aherença dos herdeyros *quea nom* mereçem *aque* dizem ¹⁶⁶ en latim Jdiganj. he teudo de pagar as deuedas ¹⁶⁷ e as mandas dos *que* forem senores dellas ¹⁶⁸

A desconosçença ou erro *queo* eréé faz e *nom* ¹⁶⁹ *quer* uengar. amorte de aquel *aquem* herda. *Nom* ¹⁷⁰ deue enpeesçer aos outros *que nom* am y cul¹⁷¹pa. Et por ende dizemos *queo* moordomo ou ¹⁷² procurador da camara del Rey *que* ouer a re¹⁷³cadar os bées *que* estos ataes deuem herdar ¹⁷⁴

²² A secuencia final da rúbrica (l. 27) foi engadida na marxe dereita en orientación vertical.

²³ Nesta secuencia (*defendem*) houbo corrección: parece que inicialmente se escribiu “descendem” (talvez por iso a continuación aparece *das* e non *as*).

²⁴ Escrito *fca* con trazo supralinear.

assy como sobre *dicto* he. por *que* elles *nom* me¹²⁷ reçem auella. *que* deue pagar as deuedas¹²⁸ *que* foram do testador ata *aquella* contja *que* mon¹²⁹tar o*que* recebeu da hereença. Outrossy dize¹³⁰mos *que* deue pagar as mandas *que* forem scrip¹³¹tas *enno* testamento do finado ata en *aquella* so¹³²ma *que* motar o*que* acamara del rrey reçebeo da¹³³quelles bñes. tirado ende aquarta *parte para* el rrey¹³⁴ segundo *quea* deue rreter *para* ssy o heree. Et esta¹³⁵ quarta parte se deue sacar das mandas quando¹³⁶ *nom* ficasse tanto da herdade de*quesse* pode¹³⁷sse entergar della

Lee .xvij^a. *quaes*¹³⁸ *razões* a hereença *queo* herdeyro perde sse¹³⁹ *por* erro *que* ouesses feyto²⁵. Nona deue auer¹⁴⁰ el Rey²⁶

Coydam alguũs *que* totalas¹⁴¹ cousas *que* som tomadas aos *queas* non¹⁴² mereçem. *que* deuem seer da camara del rrey¹⁴³ Et por ende dizemos *que* cousas y ha en *que*¹⁴⁴ non serria assy. Et esto seerria como seo¹⁴⁵ testador mandasse a alguũ ome alguã cou¹⁴⁶sa sinaladamente *e* de poys desto dissesse *que*¹⁴⁷ rogaua aaquel ome meesimo *que* fosse gardador |¹⁴⁸ de seus bñes a *que* chamam en latim tutor. Ca se¹⁴⁹ este atal *nom* quisesses seer gardador dos moços²⁷ |¹⁵⁰ *nom* mereçe auer a manda pero tal manda *que* sse to¹⁵¹ma a este por rrazom *que* era descoçoente ao faze¹⁵²dor do testamento. seera dos orfãos sobre *dictos*¹⁶ *e* *nom* del Rey. Outrossy dizemos *que* se alguũ¹⁷ ome furtasse o testamento en *quelle* ouesses feyta²⁸ |¹⁸ alguã manda *quea* perde por esta rrazom. *e* deue¹⁹ seer dos herees do testador. *e* *nom* del Rey. Et¹⁵⁰ aynda dizemos *que* se otestador stabelleçesse¹⁵¹ por seu heree aalguũ coydando sen dulda nen¹⁵²hũa. *que* era seu fillo. *que* se de poys da morte do¹⁵³ testador fosse sabudo en uerdade *queo* *nom* era. |¹⁵⁴ perderia por ende tal heença o heree. por *que* a *nom*¹⁵⁵ mereçe auer. poys *que* sabudo he uerdadeiramente¹⁵⁶ *que* *nom* era seu fillo do finado. Pero tal hereença¹⁵⁷ *nom* seeria del Rey. mays dos parentes mays¹⁵⁸ proujncos do testador seos ouesses. *e* se paren¹⁵⁹tes *nom* ouesses. Entom deue seer del Rey. |¹⁶⁰ Este meesimo seeria se alguũ *crisção* sta¹⁶¹belleçesse por seu heree alguũ herege. ou mou¹⁶²tro. ou Judeu. ca aherdade en *que* fosse stabelleçu¹⁶³do alguũs destes sobre *dictos* por heree auela¹⁶⁴ yam os parentes mays proujncos do testador¹⁶⁵ *e* *nom* el Rey. Pero estes ataes nonna mereçem¹⁶⁶ auer Outrossy dizemos *que* quando o fillo fo¹⁶⁷sse tam sem piedade *que* *nom* quisesses pensar¹⁶⁸ de seu padre *que* fosse furioso. ou desmemo¹⁶⁹riado podendoo fazer. *e* pensasse del [ou] tro¹⁷⁰ strayo segundo diz de ssusso emmas lees *que* fa¹⁷¹llam en esta rrazom. *e*

²⁵ Escrito *fco* con trazo supralinear.

²⁶ A secuencia “el Rey” sitúase ao final da liña.

²⁷ A lectura do segundo *o* debe ser correcta, aínda que parece un *e*, talvez produto da ligadura co *s* final.

²⁸ Escrito *fca* con trazo supralinear.

por en *perdesse* *aherdade* ^{l32} como ome *quea* nom mereçe auer. Com todo ^{l33} esso tal *hereença* como esta nom seeria del rrey. ^{l34} Mays da*quel* strayo sobre *dicto que* penssou del. *dan*^{l35} *dolle* *oquelle* era mester en sua uida. Esto me^{l36} esmo seeria se alguõ ome o²⁹ iouesses em ^{l37} catjuo. *e* o fillo ou o outro *queo* ouesses a *herdar* ^{l38} nommo quisesses sacar de catjuo. assy como de ^{l39} susso dissemos. Ca *pero* este atal *perdesse* a her^{l40} *dade* por *que* nonna mereçe auer por tal razom ^{l41} como esta. por esto nom seeria del Rey Mas ^{l42} deue seer dado *para* sacar catjuos assy [como de] ^{l43} susso dissemos.

**Titulo .viii^o. de como pode *que*^{l44}brantar otestamento aquel *que*he de-
serdado en el ^{l45} atorto. *Aque* dizem en latym *querellam in officiosi* ^{l46}
*testamenti***

Exerdam atorto aas uegadas ^{l47} os *que* sobem pella lina dereyta aos *que*
desçem [---]³⁰

4.2. BELÉM (LISBOA), MNA, LA/29 E - 3355

[*Lei 6.1.8*]³¹

Mudar³² ou reuogar pode opadre ou o auóo. otestamento ou a manda
que ouesses antre [os] fillos *em* algũa das *maneira*[s que dissemos enna
ley ante]te desta. *fazendo* depois outro t[estamento ---]³³ [*e* diz]endo *em*
o [---]³⁴

²⁹ A forma foi sopuntada.

³⁰ “Deseredan a tuerto a las vegadas los que suben por la liña derecha, a los que descien-
den dellos. Otrosi que descien den por la liña derecha, deseredan en essa manera mes-
ma a los que suben por ella. E por ende despues que en el titulo ante deste mostramos
las razones, porque ome puede deseredar aquellos que auian derecho de heredar sus
bienes, si les ouiesen errado. Queremos mostrar en este, las razones porque el here-
dero puede quebrantar el testamento, en que fuesse deseredado a tuerto...” (Acebes
Veganzones 2020c: § 6.8.o).

³¹ “Ley .VIII. Como puede mudar e reuocar el padre el testamento que ouiesse fecho
entre sus hijos” (Acebes Veganzones 2020a: § 6.1.8). Nesta epígrafe só é posíbel ler
parcialmente a secuencia “pstumeiro” (probabelmente abreviado con *e* sobreposto:
prestumeiro ‘postremeiro’, forma presente en textos galego-portugueses desde finais
do séc. XIII até comezos do XV); porén, non parece corresponderse co contido trans-
mitido nesa rúbrica na tradición castelá.

³² Apenas se pode ver unha parte da inicial capitular, en tinta azul. Por riba pódense
intuír ós caídos dalgunhas letras da rúbrica.

³³ “...testamento acabadamente, ante siete testigos...” (Acebes Veganzones 2020a: § 6.1.8).

³⁴ “...e diziendo en el, a como muda e reuoca el otro que fiziera primero. Ca si el segun-
do testamento non fuesse assi acabado, non se desataría por ende el primero.” (Id).

[Lei 6.1.9]³⁵

Testemuñar³⁶ *nom podem ennos testamentos aqueles que som condempnados por sentença que foy dada contra eles [por] máás cantigas ou ditados que fezerom contra algüus [---]³⁷*

[Lei 6.1.II]³⁸

[--- tes]tamento³⁹. ca [---]⁴⁰ escriptos sobre [---]⁴¹ cousa aeles. [--- her] deiro⁴² ou seu padre [--- yrm]aos⁴³. ou os outros [--- pa]rentes⁴⁴ do passado [--- testamen]to⁴⁵ *em que fosse scripto [por herdeiro]*

[Ley xij^a. En que cousa pode ser scripto o tes]tamento⁴⁶

*em purgam[in]ho de coiro [---]*⁴⁷

[Lei 6.1.I3]⁴⁸

³⁵ “Ley .IX. quales omes non pueden ser testigos en los testamentos” (Íd.).

³⁶ Apenas se ve o caído da inicial capitular, en tinta vermella.

³⁷ “...con entencion de enfamarlos. Nin otrosí, el que fuesse condenado por juyzio de los judgadores, por razon de algund mal fecho, que fiziesse, asi como por furto, o por homicidio, o por otro yerro semejante destes, o por mas graue de que fuesse dada sentencia contra el...” (Acebes Veganzones 2020a: § 6.1.9). Perdeuse ou non é lexíbel o texto de 6.1.9 (final), 6.1.I0 e 6.1.II (inicio).

³⁸ “Ley .XI. Si aquellos a que manda algo en el testamento pueden ser testigos en el, o non” (Ibíd.: § 6.1.II).

³⁹ “...Eso mismo seria si alguno destes a quien el finado dexasse algo en el testamento, ouiesse contienda con los herederos, en razon de la cosa que'l fuesse mandada en el” (Íd.). Na versión de Gregorio López a forma *el* do final desta secuencia correspóndese coa forma *testamento* do fragmento portugués.

⁴⁰ “...Ca estonce podrian testiguar los otros que fuessen y escritos...” (Íd.).

⁴¹ “...sobre tal razon, pues que non tañe la contienda de tal cosa a ellos...” (Íd.).

⁴² “...Mas el que fuesse establecido por heredero...” (Íd.).

⁴³ “...o su padre, o los que descendiessen del, o sus hermanos...” (Íd.).

⁴⁴ “...o los otros parientes cercanos, fasta el quarto grado: non pueden ser testigos sobre la contienda, que ouiesse el heredero con los parientes...” (Íd.). É factíbel que no manuscrito portugués houbera un salto de igual a igual con base na forma *parentes*.

⁴⁵ “...del finado, o con los otros omes en razon del testamento...” (Íd.).

⁴⁶ Trátase da lei 12, da que só conservamos parte da última palabra.

⁴⁷ “En pargamino de cuero, o de papel, o en tablas, quier sean con cera, o de otra manera, o en otra cosa en que se pueda fazer escritura, e parescer, puede ser escrito el testamento...” (Acebes Veganzones 2020a: § 6.1.I2). Parece que no inicio deste capítulo non se planificou inicial capitular, pois a secuencia escribiuse xusto a continuación do final da rúbrica. A desencadernación e restauración dos fragmentos permitirán confirmar estas e outras cuestións.

⁴⁸ “Ley .XIII. Quien puede fazer testamento e quien non” (Íd.).

[--- o]utra m[aneira]⁴⁹ [--- testa]mento⁵⁰ [--- letr]ado⁵¹ e [--- naç]ença⁵²
[---]⁵³ uezes [enper]o aq[uel ---]⁵⁴ [alg]ũu caso. se est[e ---]⁵⁵ [test]amento.

Ley xiiiª *em [que maneira pod]er ocego fazer testa[mento]*⁵⁶

[Lei 6.1.15]⁵⁷

[--- cabe]del⁵⁸. fazendo oquelhy uedaua. ou nom comprindo seus [man]damentos assy como deuia. se por tal razom como e[sta] fosse dada *contra* a *sentença* de morte. nom pode de[pois] fazer *testamento* saluo se ental Juizo lhy fosse [outor]gado. poder deo *fazer*. ca entom ennos bẽes *que som ch[ama]dos peculium castrense*. pode *fazer* *testamento*. ma[ys dos] outros nom ¶ E sse pelauentura ocaualeiro fosse [julga]do amorte por *que quebrantasse* affe. ou por algũu e[rro] *que caesse traïçom*. entom poderia *fazer* *testamento em n[ehũa] maneira* Pero se o erro *que fezesse ocaualleiro* nom [fosse] de fe *quebrantada*⁵⁹ *nem tangesse em preito de caualla[ria ---]*⁶⁰

⁴⁹ “...Empero el que lo fuesse por alguna ocasion, assi como por enfermedad, o de otra manera...” (Íd.).

⁵⁰ “...este a tal si supiesse escriuir, puede fazer testamento...” (Íd.).

⁵¹ “...escriuiendolo por su mano misma. Mas si fuesse letrado...” (Íd.).

⁵² “...e no supiesse escreuir: non podria fazer su testamento. Fuera ende en vna manera, si le otorgasse el Rey, que lo escriuiesse otro alguno en su lugar. En esta manera misma, podria fazer su testamento, el ome letrado, que fuesse mudo de su nascencia...” (Íd.). É bastante probábel que na copia houbese un salto de igual a igual con base na forma *naçença*.

⁵³ “...maguer non fuesse sordo: e esto acaesce pocas vezes...” (Íd.).

⁵⁴ “...Empero aquel que fuesse sordo desde su nascencia, o por alguna ocasion...” (Íd.).

⁵⁵ “...si este a tal pudiere hablar, bien puede fazer testamento...” (Íd.).

⁵⁶ “Ley .XIII. En que manera el que fuere ciego puede fazer testamento” (Ibíd.: § 6.1.14). Non é lexíbel ningún fragmento do capítulo.

⁵⁷ “Ley .XV. Como los que son iudgados a muerte o son desterrados para siempre, non pueden fazer testamentos” (Ibíd.: § 6.1.15).

⁵⁸ “...Ca si el auia fecho yerro en caualleria, assi como estando en hueste, vendiendo o baratando las armas, o fuesse desmandado al cabdillo...” (Ibíd.: § 6.1.15). Reconstuímos a forma *cabedel* dado que é a forma presente na versión portuguesa da *Primeira Partida* (Ferreira 1980, *apud* CGPA), coetánea ao fragmento en cuestión.

⁵⁹ Na tira onde se encontra esta secuencia (fragmento 1B), á esquerda do intercolumnio, pódense ler parcialmente as palabras finais de tres líneas (as dúas últimas son parte dunha rúbrica): “[---]der | [---]poder | [---]alho?”. Pola localización debe formar parte dunha das leis previas á 6.1.15, mais de momento non puidemos identificar o texto.

⁶⁰ “...Mas fuesse a tal, en que caen los otros omes, comunalmente a las vegadas, assi como por razon de adulterio o de furto, o de otro yerro qualquier semejante destes, estonce bien podria fazer testamento...” (Acebes Veganzones 2020a: § 6.1.15).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- 7PD = José Manuel Fradejas Rueda (dir.) (2020-): *7PartidasDigital*. Valladolid: Universidad de Valladolid, <<https://7partidas.hypotheses.org/>> (consultado: 15/09/2022).
- 7PDgap = Ricardo Pichel e Harvey L. Sharrer (dirs.) (2022-): *Edición dixital das Sete Partidas na Galiza e Portugal*. Santiago de Compostela; Alcalá de Henares: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega; Universidad de Alcalá, <<https://corpora.uah.es/egpa/7PDgap>>.
- Acebes Veganzones, María (2020a): “López 1555. 6.1”. En José Manuel Fradejas Rueda (ed.). *7PartidasDigital*, <<https://7partidas.hypotheses.org/8470>> (consultado: 15/09/2022).
- (2020b): “López 1555. 6.7”. En José Manuel Fradejas Rueda (ed.). *7PartidasDigital*, <<https://7partidas.hypotheses.org/8482>> (consultado: 15/09/2022).
- (2020c): “López 1555. 6.8”. En José Manuel Fradejas Rueda (ed.). *7PartidasDigital*. <<https://7partidas.hypotheses.org/8484>> (consultado: 15/09/2022).
- Askins, Arthur L-F; Aida Fernanda Dias e Harvey L. Sharrer (2002): *Fragmentos de Textos Medievais Portugueses da Torre do Tombo*. Lisboa: Instituto dos Arquivos Nacionais / Torre do Tombo.
- Avenoz, Gemma (1995): “Atopáronse uns pergamiños... O redescubrimiento duns fragmentos en galego das *Partidas*”. *Romance Philology*, 49, pp. 119-129.
- (2021): “Las *Partidas* en catalán”. En José Manuel Fradejas Rueda, Enrique Jerez Cabrero e Ricardo Pichel (eds.). *Las Siete Partidas del Rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Madrid; Frankfurt am Main: Iberoamericana - Vervuert, pp. 97-102.
- BETA: Charles B. Faulhaber (dir.) (1997-): *Bibliografía Española de Textos Antiguos*. Berkeley: The Bancroft Library, University of California, <https://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/beta_es.html> (consultado: 16/10/2022).
- BITAGAP: Arthur L.-F. Askins, Harvey L. Sharrer e Martha E. Schaffer (dirs.) (1997-): *Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses*. Berkeley: The Bancroft Library, University of California, <https://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/bitagap_po.html> (consultado: 16/10/2022).

- CGPA = Xavier Varela Barreiro (dir.) (2015): *Corpus Galego-Portugués Antigo*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela, <<http://ilg.usc.gal/cgpa>>.
- Domingues, José (2014): “As *Partidas* de Castela na Sistemática Compilatória do Livro IV da Reforma das *Ordenações*”. *Initium*, 19, pp. 353-406.
- (2021): “La tradición medieval de las *Siete Partidas* en Portugal”. En José Manuel Fradejas Rueda, Enrique Jerez Cabrero e Ricardo Pichel (eds.). *Las Siete Partidas del Rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Madrid; Frankfurt am Main: Iberoamericana; Vervuert, pp. 103-116.
- Duro Peña, Emilio (1961): “Los códices de la Catedral de Orense”. *Hispania Sacra*, 14, pp. 185-212.
- EGPA = Ricardo Pichel e Xavier Varela Barreiro (dirs.) (2019-): *Escritorio Galego-Portugués Antigo*. Santiago de Compostela; Alcalá de Henares: Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela; Universidad de Alcalá, <<https://corpora.uah.es/cgpa/>>.
- Ferreira, José de Azevedo (1980): *Alphonse X. Primeyra Partida. Édition et Étude*. Braga: Instituto Nacional de Investigação Científica (Textos de Linguística 3).
- (1993): “Fragmentos das *Partidas* de Afonso X reencontrados em Braga”. *Cahiers de Linguistique Hispanique Médiévale*, 18-19, pp. 367-402.
- Fradejas Rueda, José Manuel (2021): “Los testimonios castellanos de las *Siete Partidas*”. En José Manuel Fradejas Rueda, Enrique Jerez Cabrero e Ricardo Pichel (eds.). *Las Siete Partidas del Rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Madrid; Frankfurt am Main: Iberoamericana; Vervuert, pp. 21-35.
- Fradejas Rueda, José Manuel; Enrique Jerez Cabrero e Ricardo Pichel (eds.) (2021): *Las Siete Partidas del Rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Madrid; Frankfurt am Main: Iberoamericana; Vervuert.
- Gallego Domínguez, Olga (1977): *Archivo Histórico Provincial de Orense: guía del investigador*. Ourense: Ministerio de Educación y Ciencia, Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural.
- García-Fernández, Miguel (2021): “Mujeres y transmisión de la herencia en las *Partidas* de Alfonso X: un marco normativo para la práctica testamentaria bajomedieval”. En José Manuel Fradejas Rueda, Enrique Jerez Cabrero e Ricardo Pichel (eds.). *Las Siete Partidas del Rey Sabio*.

- Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main; Madrid: Vervuert; Iberoamericana, pp. 223-249.
- García-Gallo, Alfonso (1977): “Del testamento romano al medieval. Las líneas de su evolución en España”. *Anuario de Historia del Derecho Español*, 47, pp. 425-498.
- García y García, Antonio (1986): “Tradición manuscrita de las *Siete Partidas*”. En Antonio Pérez Martín (ed.). *España y Europa, un pasado jurídico común. Actas del I Simposio Internacional del Derecho Común*. Murcia: Publicaciones del Instituto de Derecho Común, Universidad de Murcia, pp. 655-699.
- Martín Cea, Juan Carlos (2003-2004): “El modelo testamentario bajomedieval castellano y su reflejo en los diferentes grupos sociales”. *Edad Media. Revista de Historia*, 6, pp. 103-156.
- Pensado Tomé, José Luis (1986): “Nuevo fragmento de una traducción gallega de las *Siete Partidas*”. Artículo inédito.
- Pichel, Ricardo (2021): “La recepción de las Siete Partidas en la Galicia bajomedieval”. En José Manuel Fradejas Rueda, Enrique Jerez Cabrero e Ricardo Pichel (eds.). *Las Siete Partidas del Rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Madrid; Frankfurt am Main: Iberoamericana; Vervuert, pp. 117-133.
- Pichel, Ricardo; Marina Aurora Garzón Fernández, Tania Vázquez García e Miguel García-Fernández; Esther Corral Díaz e Ricardo Pichel (coords.) (2020): *Guía para o estudo da prosa galega medieval*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia (Col. Argamed, 3), <<http://www.cirp.gal/w3/publicacions/pub-0511.html>>.
- Prádanos Fernández, Jorge (2022): «*A servicio de dios y por comunal de todos hacemos este libro*». *Análisis y contexto de la iluminación de los manuscritos de las Siete Partidas*. Tese de doutoramento inédita. Madrid: Universidad Complutense de Madrid, 2 vols.
- Sharrer, Harvey L. (2014): “The BITAGAP project since 1988: Expansion of the corpus of texts and important discoveries”. En Lourdes Soriano, Helena Rovira, Marion Coderch, Glòria Sabaté e Xavier Espluga (eds.). *Humanitats a la xarxa: món medieval / Humanities on the Web: the medieval world*. Bern: Peter Lang, pp. 169-184.



Fig. 2. © Arquivo da Catedral de Ourense, Códices, Fragmentos, 41, f. 1r



Fig. 3. © Arquivo da Catedral de Ourense, Códices, Fragmentos, 41, f. 1v